

BURELA: DE ALDEA A CIDADE

Desenvolvemento urbano dunha vila costeira lucense

Por: Marco Antonio Río Otero

RESUMO:

Burela convertiuse nos últimos corenta anos nunha importante vila de ámbito comarcal na Mariña Lucense, de maneira que o seu crecemento demográfico e espacial tivo un grande impacto no territorio costeiro da provincia de Lugo.

Dende principios dos anos 1960, etapa na que Burela apenas contaba con 2.000 habitantes, ata 1996, data da última revisión padronal, na que o seu número de habitantes ascendía a 7.915, producíronse unha serie de cambios drásticos na estructura burelesa. Estes cambios relaciónanse co desenvolvemento de determinados sectores productivos coma a pesca, a industria, o comercio e os servicios públicos (sanidade e educación).

RESUMEN:

Burela se ha convertido en los últimos cuarenta años en una importante villa de ámbito comarcal en la Mariña Lucense, de manera que su crecimiento demográfico y espacial tuvo un gran impacto en el territorio costero de la provincia de Lugo.

Desde principios de los años 1960, etapa en la que Burela apenas contaba con 2.000 habitantes, hasta 1996, fecha de la última revisión padronal, en la que su número de habitantes ascendía a 7.915, se produjeron una serie de cambios drásticos en la estructura burelesa. Estos cambios se relacionan con el desarrollo de determinados sectores productivos como la pesca, la industria, el comercio y los servicios públicos (sanidad y educación).

1. CARACTERIZACIÓN XERAL DO NÚCLEO URBANO DE BURELA

O concello de Burela reúne nos seus pouco máis de 8 km² unha serie de peculiaridades que o diferencian do resto dos municipios da súa provincia e, áinda máis dos núcleos urbanos da costa luguesa. Estas características particulares que a individualizan dentro do contexto provincial e comarcal son, por unha parte, o

forte dinamismo demográfico mantido ó longo de todo o século e, especialmente a partires da década dos 1960 (no que se deu un incremento de máis do 300 %), fronte á grande despoboación da súa provincia, (se exceptuamos a capital, os núcleos urbanos da costa e as cabeceiras comarcais do interior).

Conta Burela cunha estrutura demográfica aínda xove no contexto rexional e provincial debido á chegada masiva de inmigrantes durante esta etapa, atraídos pola puxanza dos sectores pesqueiro, industrial e terciario. Esto fai posible que Burela sexa na actualidade o único concello lugués con crecemento vexetativo de signo positivo, a pesares de que este tenda a reducirse cada vez máis.

Acompañando a este aumento demográfico, tivo lugar unha grande expansión do espacio edificado, ata o extremo de que Burela pasou de ser un simple agregado de entidades rurais a un dinámico núcleo. Non obstante, esta expansión espacial non foi ordeada, a pesar dos intentos de planificación a finais dos 1970 e 1980, cunha trama urbana bastante caótica.

2. AS BASES DEMOGRÁFICAS DO CRECIMENTO

Como xa se comentou anteriormente, Burela é o núcleo urbano galego e, por ende, da provincia de Lugo con maior crecemento demográfico e espacial entre 1960 e 1996. Este desenvolvemento baseouse no auxe do sector pesqueiro dende mediados de século, nas reformas do seu porto e, posteriormente, xa a fins dos 1970 da instalación na veciña vila de San Cibrao da planta industrial Alúmina-Aluminio. Estes foron os motores do intenso crecemento rexistrado ó longo dos corenta últimos anos. Numerosas empresas ligadas ó sector pesqueiro (asteleiros, talleres navais, suministros de combustible, comerciantes maioristas) e á industria cerámica (lavadeiros de caolín, fábricas de produtos cerámicos), instaláronse durante os anos 1970 e 1980, potenciando a Burela como centro de atracción de man de obra. Finalmente a ubicación do Hospital Comarcal da Costa a mediados dos 1980, os institutos de Educación Secundaria e Formación Profesional e un sinfín de servicios comerciais consolidaron á vila como un centro de prestación de servicios de grande importancia dentro da costa lucense.

Dende 1960, Burela mantivo un dinamismo poboacional descoñecido ata entónces, pois, se ben o incremento da poboación fora constante dende principios de século, é a partir deste ano censal cando se produce o despegue demográfico burelés. O crecemento entre 1960 e 1996 cifrouse nun 323 % cifra moi elevada para apenas 4 décadas, o que coloca a Burela á cabeza no ranking de crecemento demográfico de toda Galicia (Táboa 1).

TÁBOA 1: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE BURELA (1960-1996)

	1960	1970	1981	1991	1996
Nº habitantes	1.871	2.822	4.783	7.743	7.925
Incremento total por década	-	50,83 %	69,49 %	61,89 %	2,35 %
Crecemento medio anual	-	5,08 %	6,95 %	5,63 %	0,47 %


Fonte: Censos de poboación de 1960, 1970, 1981 e 1991 e Padrón de habitantes de 1996

O incremento demográfico foi moi intenso nas décadas dos 1960, 1970 e 1980, con máis do 50 % de crecemento da población o que supón máis do 5 % de incremento medio anual. Pero dende os anos 1990 a ralentización da expansión demográfica é patente, pois pásase a tan só o 0,47 % de media anual entre 1991 y 1996. Este gran baixón débese, como xa sabemos, á reducción da inmigración e á crise da natalidade en todo o territorio galego.

A pesares de todo isto, Burela continúa sendo un núcleo dinámico na costa lucense pois mentres outros asentamentos urbanos comienzan a perder poboación como é o caso de San Cibrao, a vila continúa a súa traxectoria positiva.

En canto á súa estructura por idade e sexo, estamos ante o índice de xuventude máis alto de toda a costa lucense, de toda a provincia de Lugo e de toda Galicia. Índice que nos revela unha idade media da poboación de apenas 36 anos segundo datos do Padrón de Habitantes de 1996. Esta estructura demográfica tan xove (gráfico 1) foi consecuencia das importantes oleadas de inmigrantes que chegaron nos anos 1960, 1970 e 1980 buscando un emprego tanto nas actividades pesqueiras coma nas industriais ou terciarias que se desenvolvían na vila.

GRÁFICO 1: BURELA, ESTRUCTURA POR IDADE E SEXO (1996)



Fonte: Padrón de habitantes de 1996, Burela, IGE

A estructura da poboación por sexo mostra un claro predominio dos homes sobre as mulleres, sobre todo nos brazos iniciais do gráfico piramidal, esto débese ó gran aporte de inmigrantes xoves durante os anos 1970 e 1980 que se emplean na actividade pesqueira e industrial, que demandaba sobre todo poboación masculina. Pero o grupo de mulleres de máis de 35 años presenta un número bastante considerable de efectivos, ó tratarse de poboación femenina provinte dos espacios rurais próximos que chega a Burela en busca dun emprego na actividade terciaria (comercio, hostelería, sanidade, educación...).

3. O DESENVOLVEMENTO ESPACIAL

Este grande dinamismo demográfico e económico viuse correspondido cun forte crecemento do espacio edificado, que foi, no obstante, en xeral moi desordenado, sen planificación inicial de alturas e volumes (Fig. 1). Este desenvolvemento tan anárquico seguiu dous eixos fundamentais: a estrada N-642 (actual avenida Arcadio Pardiñas – Fig. 2) e a trama regular e planificada, comprendida entre as actuais rúas Nosa Señora do Carme, Eijo Garay e Circunvalación, que data de 1978. Ámbolos dous espacios encauzaron a maior parte da trama edificativa burelesa, sen embargo, non puideron solucionala desorde urbanística existente nin sofoca-las deficiencias na dotación de servicios e equipamentos á poboación que aínda hoxe están presentes.



Fig. 1. Rúa Leandro Cucurny. A diferenza de alturas entre as edificacións anteriores a 1960 e as actuais é unha constante no entramado urbano burelés.




Fig. 2. Avenida Arcadio Pardiñas. A antiga N-642 ó seu paso polo centro de Burela encauzou o maior crecemento urbanístico da vila nos anos 1970 e 1980.

Gracias ó traballo de campo realizado e seguindo paso a paso a evolución da vila dende a década dos 1960, apreciaremos como foi o seu crecemento y que elementos deste hai que resaltar.

3.1. Burela antes de 1960

Tomando como base a cartografía realizada (mapa 1) podemos apreciar que apenas existía o entramado viario e edificativo da actual Burela. Tan só de forma nítida se observaban a N-642, o ferrocarril Ferrol-Gijón da línea FEVE e varias entidades rurais ben consolidadas (O Castrelo-A Venta, Vila do Medio, Vilar, Burela de Cabo -Fig. 3-, e O Porto), os núcleos máis antigos da vila de Burela. Xa se construíran unha vintena de casas de protección oficial (Grupos Antonio Garelle e José María González del Río, denominados popularmente como "Casas Baratas") para albergar á masa de inmigrantes que começaban a chegar ó porto de Burela para empregarse en actividades relacionadas coa pesca.

MAPA 1: EXPANSIÓN ESPACIAL DE BURELA (1960-1995)



Fonte: Foto aérea de 1957, Mapa topográfico nacional 1:25.000 (Burela, folla 9-I, ano 1995), Mapa topográfico Xunta de Galicia 1:10.000 (Folla 9-1.2, ano 1981)

A característica básica destes núcleos era que se trataba de espacios rurais onde as actividades fundamentais eran a agricultura e a gandeiría para o caso de O Castrelo-A Venta, Vila do Medio, Burela de Cabo e Vilar e a pesca para O Porto. A edificación existente presentaba grandes diferencias entre Burela de Cabo, Castrelo-A Venta e O Porto, por unha parte, e Vila do Medio e Vilar, por outra, xa que nas tres primeiras o que predominaba era a edificación cerrada, concentrada, mentres que nos dous últimos casos a vivenda unifamiliar tradicional e illada era a dominante.




Fig. 3. Burela de Cabo. Este tradicional barrio é un dos máis antigos da vila.

En relación á entidade de O Porto, diremos que a súa edificación se desenvolvía nas inmediacións do porto pesqueiro, o cal presentaba importantes carencias en canto a calado e estaba necesitado de reformas polo incremento de capturas e da aparición de novos barcos. Ademáis de existir toda unha serie de edificios destinados á residencia principal da poboación portuaria, tamén están presentes numerosos talleres navais, almacéns de redes, etc.

Resulta característico nas proximidades do porto, a presencia de vivendas típicas de mariñeiros coma as existentes hoxe na rúa Castelao. Trátase de pequenas vivendas unifamiliares compostas por unha planta baixa onde se gardaban redes e aparellos de pesca e un primeiro piso onde residía a familia. Hoxe algunas destas vivendas utilizanse non só como residencia principal, senón como bares ou peixerías.

Tamén estaba presente o novo templo da igrexa, construído no barrio homónimo, cunhas dimensións bastante importantes en relación coa existente na Vila do Medio, aínda que a riqueza artística é moito maior nesta última.

3.2. Burela durante os anos 1960 e 1970: as normas subsidiarias de 1978

Trala descripción da realidade urbanística da que se parte a principios da década dos 1960, preséntase na táboa 2 a evolución demográfica e do número de vivendas existentes na vila dende esta data ata a actualidade:

TÁBOA 2: EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA E DA VIVENDA (1960-1991)

	1960	1981	1991
Nº habitantes	1.871	4.783	7.743
Nº vivendas	461	2.085	3.106
Vivendas por habitante	0,25	0,44	0,40
Nº medio de persoas por vivenda	4,05	2,29	2,49
Incremento demográfico anual	-	7,78 %	3,09 %
Incremento anual de vivendas	-	17,60 %	2,44 %

Fonte: *Censos de población y viviendas-Lugo, 1960, 1981 e 1991, INE*)

A partir dos anos 1960 asistimos en Burela a un grande despegue demográfico e espacial, proba disto é que, no cadro obsérvase o gran incremento do número de vivendas en números absolutos (pásase de 461 vivendas en 1960 a 2085 en 1981), pero tamén en números relativos (17,6 % de crecemento anual de vivendas entre ambas datas), o que contrasta co incremento demográfico que, sendo nesta etapa do 7,78 % anual, sitúase moi por baixo da cifra de crecemento da vivenda. Ademáis chámalo-la atención o feito de que o número de vivendas por habitante increménțase nestas dúas décadas, para estancarse xa na seguinte.

O crecemento físico de Burela durante os 1960 e os 1970 como xa temos dito foi bastante caótico, apenas sen respeito polas alturas e os volúmenes, nin seguindo un planeamento, cunha aprobación bastante tardía, en 1978, data na que xa non se poderá solucionar la desorde urbanística, hoxe existente.



Fig. 4. Rúa Eijo Garay. A antiga vía de comunicación entre Burela de Cabo e o porto rexistrrou un gran crecemento edificativo nos anos 1970 e 1980.

Durante toda a década dos 1960 e boa parte dos 1970, a construción espontánea de vivendas sin apenas control legal foi importante (unicamente as edificacións rexíanse pola Lei do Solo de 1956), pero pouco ou nada se facía ó respecto, xa que o que interesaba era o crecemento sen cortapisas a pesares de que xa se comezaban a notar graves disfuncións na rede de servicios básicos (rúas sen alcantarillado, vivendas sen auga ou luz, deficiencia nas comunicacións viarias, etc.). Non poderíamos concretar en que zonas se construiu máis durante este época pois o crecemento espontáneo de vivendas fai bastante complicado este traballo. Sen embargo, resaltaremos unha serie de espacios que en global merecen unha certa atención.

A antiga estrada N-642 e a vía de conexión entre Burela de Cabo e o porto (actuals rúas Pascual Veiga e Eijo Garay, -Fig. 4-) son as más apetecidas polos constructores para a edificación que, coma sempre, respeta pouco ou nada as alturas existentes, deste modo, na actual rúa Pascual Veiga apreciamos como as vivendas más antigas (zona de Burela de Cabo) anteriores ós anos 1960 contrastan fortemente coas levantadas durante esta década e as posteriores, comezándose xa a superar as 2 alturas. Na estrada xeral, na confluencia coas anteriores rúas, levantáronse unha serie de bloques de vivendas de 3 ou incluso máis alturas onde se estableceron numerosos servicios comerciais. Este punto de confluencia entre as anteriores rúas e a estrada xeral irase consolidando coma o verdadeiro centro urbano de Burela.



Fig. 5. Porto de Burela. A ampliación das instalacións nos anos 1940 e 1970 convertiron ó porto burelés nun dos máis importantes do Cantábrico.

As actuacións levadas a cabo no porto nas décadas dos 1960 e 1970 centráronse na súa ampliación coa prolongación do dique existente (Fig. 5). Con isto conseguiríase un maior calado para a entrada de barcos más grandes e más preparados tecnoloxicamente, que permitisen incrementa-las capturas. Ademáis, a explotación dos caladoiros do Gran Sol por parte da flota burelesa facía necesario un porto con mellores instalacións. Esta ampliación do porto é un elemento que se aprecia ó compararmo-la foto aérea de 1957 cos planos da vila a principios dos 1980, cambiando totalmente a súa fisonomía nestes anos.

Próximas á estación do tren, construíronse no mesmo período 2 bloques de vivendas destinadas ós empregados do sector ferroviario que comezaba a despegar nesta época co incremento do número de viaxeiros neste medio. A súa calidade é bastante baixa e aseméllanse en grande medida ás viviendas de protección oficial das que anteriormente falabamos.

Continuouse coa construcción de vivendas de pescadores en torno ó porto e as súas proximidades (zona de Suafonte, O Castrelo, Grupo Antonio Garelle...), pero xa non se tratará de pequenas casas cunha soa altura, senón que agora estamos ante verdadeiros bloques de pisos con incluso máis de 3 alturas.

Pero o maior tirón constructivo dáse dende mediados da década dos 1970, paradoxicamente nun periodo de tempo curto, no que España sufría os efectos da crise internacional do petróleo, pero non allea á concuxtura internacional, Burela continuou crecendo fortemente a causa do inicio das obras de construcción e, posteriormente, posta en marcha da factoría industrial Alúmina-Aluminio dende 1976. O porqué deste forte aumento radica na demanda de vivendas por parte de moitos novos inmigrantes que tiñan previsto empregarse en dita planta industrial. Así, Burela convírtese no núcleo urbano que mellores perspectivas de futuro ten para acoller ós inmigrantes que traballarán en Alúmina-Aluminio dada a súa localización próxima á factoría, ben comunicada con ela por estrada e ferrocarril e con vivendas a bo prezo.

Estes xoves inmigrantes pronto comenzaron a demandar unha maior calidade de vida, mellores vivendas, servicios más eficientes e zonas verdes. Ante esta demanda e ante a previsiva chegada de novas oleadas de poboación xove á vila, apróbanse en 1978 as Normas Subsidiarias de Planeamento para o concello de Cervo (recordemos que Burela pertenceu a este municipio ata 1995). Con elas preténdense subsana-los errores que conllevara o crecemento caótico dos anos anteriores, pero o que consigue, más que frea-la desorde urbanística, é encauzala cara a unha serie de vías paralelas e perpendiculares entre sí, adaptadas á vía do ferrocarril.

Analizaremos agora en detalle cales foron os espacios onde máis incidiu a edificación, valorando ademáis a normativa urbanística aprobada en 1978. As áreas edificadas que estaban xa consolidadas nos barrios de Burela de Cabo, Vila do Medio e O Castrelo sufrieron fortes modificacións froito da ampliación de viven-

das e a elevación das súas alturas. A fisonomía tradicional destas vivendas transformouse radicalmente, incluso se chegaron a destruir varias edificacións para a construcción doutras novas con aires totalmente urbanos. A pesar disto, aínda hoxe predomina a vivenda tradicional da Burela rural de principios de século, especialmente na Vila do Medio.




Fig. 6. Lavadoiros de caolín de ECESA. A instalación desta empresa, posibilitou o incremento demográfico da vila.

Ademais das modificacións sufridas polo porto de Burela nos anos 1960 e primeira metade dos 1970, a área edificada en torno a el tamén cambiou a súa fisonomía dende 1975. O cambio fundamental do entorno do porto foi a instalación da planta industrial de Gres Burela, que complementaba as funcións de ECESA e a Fábrica de Sargadelos en canto a fabricación de produtos cerámicos. Gres Burela instalouse moi próxima ás vivendas existentes na entidade de O Porto sen pensar nos perxuizos que podería provocar á poboación residente neste espacio.

Ubicouse no barrio de Os Castros nesta época a industria cerámica ECESA (Fig. 6) adicada ó lavado de caolíns procedentes das canteiras próximas. A empresa elexiu esta localización cercana á estrada xeral e ó ferrocarril buscando unha boa accesibilidade respecto á Fábrica de Sargadelos que utiliza o caolín lavado por ECESA como materia prima.

A raíz da aprobación das normas subsidiarias do concello de Cervo en 1978, produciuse un intento de ordenación do espacio urbanizado ata o momento, tratando de encauzar, ademais, o crecemento urbanístico posterior a esa data.

O cambio máis notable que tivo lugar a raíz da aprobación destas normas subsidiarias foi a parcelación e trazado de vías na parte nororiental de Burela, é dicir, o espacio que hoxe se atopa entre as rúas Nosa Señora do Carme, Circunvalación e Eijo Garay. O entramado viario seguiu o trazado da vía do ferrocarril en liñas xerais; é o caso de Nosa Señora do Carme, Rosalía de Castro (Fig. 7), Pardo Bazán (Fig. 8), Castelao, Leandro Cucurny e Circunvalación. Cortando a estas rúas, trazáronse outras perpendiculares coma Beiramar, Pedra, Covamoura e Curros Enríquez que seguiron o trazado da rúa Eijo Garay, que, lembremos, comunicaba Burela de Cabo co porto.



Fig. 7. Rúa e parque Rosalía de Castro. Esta vía (antiga rúa A), xurdida das normas subsidiarias de 1978 convirtiuse nunha importante área de crecemento urbanístico nos últimos anos.

Os espacios intermedios foron pronto aproveitados polos constructores para edificar de forma moi rápida, de modo que non se lle deu tempo á planificación de máis zonas verdes que o actual parque Rosalía de Castro (Fig 7). A construcción de bloques de vivendas foi bastante difusa, sen ningunha orde máis cá imposta polas Normas Subsidiarias de 1978. A pesar de que a desorde urbanística continuaba imperando na Burela de finais dos 1970, foron ocupándose nun primeiro momento os espacios próximos á rúa Eijo Garay e á zona do porto na que predominan os bloques de pisos de tres ou catro alturas, mientras que cara ó outro extremo desta área parcelada, dominan as edificacóns de 2 ou 3 alturas con máximo. Ó ser este espacio una zona marxinal respecto ó centro de Burela, os

constructores non tiveron tanto interese na construcción de vivendas que, posiblemente, quedarían en stock.

Pero, ademáis do crecemento que tivo lugar nesta parte da vila, non podemos esquecer que a ambos lados da estrada xeral (Avenida Arcadio Pardiñas) xa se constrúiran varios bloques de vivendas, en concreto na confluencia entre dita rúa e Eijo Garay-Pascual Veiga. A fins dos 1970 continuouse coa construción de novos bloques de pisos en torno a este espacio central, ademáis de prolongarse pola estrada cara a ambos lados. Nesta mesma vía, próxima á factoría ECESA xorden outras edificacións de alturas variables que pretenden acoller ós traballadores desta planta industrial.



Fig. 8. Rúa Pardo Bazán. A rúa Pardo Bazán concentra unha grande cantidade de entidades comerciais e de servicios.

A vía do ferrocarril supuxo unha grande barreira ó crecemento dende a avenida Arcadio Pardiñas, contando cun enlace coa área xurdida do plan de 1978 resolvéndose coa construción dunha ponte baixo a que pasa a rúa Eijo Garay. Este paso, xunto co da rúa Circunvalación, supoñen os únicos enlaces de Arcadio Pardiñas co porto (se ben existen outros pasos menores).

Na zona de O Campón, ata entónces sen urbanizar, planifícase a construción dunha especie de cidade educativa nestas datas. Así a finais dos 1970 levántase o actual instituto de educación secundaria e formación profesional e, posteriormente, nos 1980 remataránse os institutos de bacharelato e os colexios de educación

infantil e primaria que comentaremos no seguinte apartado. Acompañando a estes edificios destinados a uso educativo, aparecen novas vivendas unifamiliares ou como moito de dúas alturas.

En síntese, poderemos dicir que as décadas dos 1960 e 1970 supuxeron un intenso crecemento demográfico, superior ó do resto de núcleos costeiros lucenses, acompañado dunha forte expansión da vivenda, pero que non tivo control urbanístico algúin, incluso, se construiu de forma ilegal en moitos espacios da vila. As Normas Subsidiarias de 1978 favoreceron minimamente o crecemento ordenado da vila.

3.3. Burela nos anos 1980

Trala aprobación dunhas Normas Subsidiarias que trataron de dar unha certa "orde urbanística" ó entramado edificativo e viario, entrámos nas dúas últimas fases do crecemento e consolidación do tecido urbanístico burelés.

Nestas dúas décadas Burela pasa a se-lo segundo núcleo urbano da costa lucense en número de habitantes despois de Viveiro (incluíndo Celeiro e Covas), tras ter mantido un ritmo de crecemento constante e forte. Nembargantes, o dinamismo que ofrece Burela nos anos 1980 é un tanto diferente ó que observamos nos 1990, moi especialmente nos seus derradeiros anos onde, se ben se mantén un incremento do espacio edificado e do número de habitantes, non poderemos dicir que sexa unha expansión tan forte coma a experimentada na década anterior.

O grande motor do crecemento urbanístico durante os anos 1980 e os 1990, foi a chegada de importantes remesas de inmigrantes do medio rural dos veciños municipios de Cervo, O Valadouro, Alfoz, Foz, Mondoñedo, Lourenzá... e doutras partes de Galicia, Asturias ou León, principalmente, que obtiveron emprego na planta industrial Alúmina-Aluminio. É paradóxico que Burela, situada a máis de 10 km da planta industrial fose o núcleo da costa lucense que máis se viu afectado pola instalación desta gran empresa en San Cibrao, vila que, pola súa parte, a pesar de que experimentou un grande desenvolvemento urbano, non alcanzou as magnitudes desta.

Segundo os datos do censo de poboación de 1981, Burela contaba cunha poboación de feito de 4.783 habitantes, unha estructura demográfica moi rexuvencida (é o núcleo urbano da provincia cun menor índice de vellez) a causa da chegada de poboación rural menor de 30 años, que, á súa vez, revitalizou as taxas de natalidade, e un crecimientu poboacional do 7,78 % anual dende 1960. O número de vivendas neste ano ascendía a 2.085 tendo sido o seu ritmo anual de crecemento dun 17,6 % dende 1960.

Encontrámonos cun núcleo urbano moi dinámico, demograficamente falando, pero que presenta importantes deficiencias na súa estructura edificativa e viaria a pesar de que moitas delas xa se subsanaran coa normativa de 1978. Burela continuou desenvolvéndose de forma pouco ordenada, seguindo os eixos fundamentais

de crecemento que sinalabamos ó principio da análise (a antiga estrada xeral N-642 ou Avenida Arcadio Pardiñas e o entramado viario xurdido da normativa de 1978), pero tamén cara a outros puntos coma O Campón, Vista Alegre, O Torno, Os Castros, os entornos da actual rúa de O Río e, en menor medida o barrio de Castrelo.

Para comprender mellor o crecemento urbano burelés nos anos 1980 é necesario plantexar un desglose por árees, xa que se produciron remodelacións e reestructuracións do espacio edificado e dos principais eixos viarios:

1. Parte central da avenida Arcadio Pardiñas

Durante os anos 1960 y 1970 a Avenida Arcadio Pardiñas fora un dos principais eixos de expansión de Burela, non obstante, tratábase dun crecemento moi difuso, con edificacións distantes entre sí, variabilidade nas alturas e escasa conexión entre esta vía e o resto do espacio edificado.

Arcadio Pardiñas consolidouse nos anos 1980 e 1990 coma o principal eixo de crecemento ó levantárense novos bloques de vivendas tanto na súa parte central (na confluencia con Eijo Garay-Pascual Veiga) coma nos extremos, especialmente no sur, que trataremos máis adiante (O Campón).

A tentativa por parte da normativa do recheo dos vacíos edificativos en torno a dita avenida non deu os frutos que se quixerón, pero, a pesar de todo, lográronse parte dos obxectivos: así, deuse unidade á edificación illada existente, abríronse novas rúas de acceso ós barrios de Burela de Cabo y e A Igrexa (rúa de O Río) que foron pronto ocupadas por novos bloques de pisos de 5 ou 6 alturas.

A centralidade desta parte de Burela consolídaa coma o verdadeiro eixo da vida urbana da vila, concentrando a maior parte dos seus servicios (supermercados, comercios textiles, farmacias, etc.).

2. Área xurdida das Normas Subsidiarias de 1978

A área xurdida da planificación imposta polas Normas Subsidiarias de 1978 tivo na década dos 1980 un forte crecemento no só da edificación, moito máis racional e moderna ca a de épocas anteriores, senón tamén da dotación terciaria e, como non, do número de habitantes.

A década dos 1980 supón, ó igual que en Arcadio Pardiñas, o recheo das árees vacías de edificación, que, por outra parte, son moi numerosas. Preténdese dotar a este espacio dun maior número de construcións evitando a excesiva difusión da edificación por outras árees de Burela, como estaba sucedendo en O Campón, Os Castros ou Vista Alegre, non obstante, esta pretensión quedou en papel mollado e non obtivo os froitos desexados.

A ocupación da trama planificada comezara nos 1970 dende a rúa Eijo Garay cara ó norte, continuando esta tendencia durante as 2 décadas posteriores e abandonándose, en parte, a inútil idea de construir sen planificación en calquera punto desta especie de "ensanche".

O parque Rosalía de Castro é o único espacio de Burela, nos anos 1980, destinado a zona verde se exceptuamos a área de A Marosa, situada a bastante distancia do centro urbano. A esta deficiencia na dotación de espacios verdes non se lle prestou grande atención nin se propuxeron medidas para solucionala, senón que se continuou construíndo de forma ininterrumpida. A existencia de hortas e pequenas parcelas adicadas a cultivos para o consumo das familias residentes en Burela, suplía, en parte, a carencia de espacios de uso recreativo. Procedeuse nesta etapa á apertura da rúa Concepción Arenal e á prolongación de Nosa Señora do Carme, mellorándose ademais os accesos ós grupos de vivendas de protección oficial e ó porto.

En relación con este, levouse a cabo durante los 1980 unha nova ampliación que ten sentido polo grande desenvolvemento das actividades de pesca de bonito, peixe espada e outras artes coma o cerco e o palangre no banco do Gran Sol. Esta ampliación centrouse na construcción dun novo dique, frente ó xa existente, para poder protexer á flota amarrada a porto dos ventos do nordeste que durante boa parte do ano azoutan a costa lucense.

3. O Campón e Vista Alegre

A área de O Campón e Vista Alegre tivo un grande desenvolvemento urbanístico durante os anos 1980, pasando de ser un espacio onde predominaba o pastizal e os cultivos a outro no que o uso principal era fundamentalmente o residencial e os servicios educativos.

Durante os últimos anos da década dos 1970 rematárase de construí-lo Instituto de Formación Profesional e axilizábanse as obras do de Bacharelato, polideportivo e colexio de Educación Primaria, de modo que a principios dos anos 1980, Burela contaba xa con 2 centros de educación secundaria y outros dous de primaria (o outro atopábase en Os Castros) consolidándose deste modo como centro de atracción do estudiantado dos entornos.

Ó seren estes barrios de O Campón e Vista Alegre dúas zonas marxinais respecto ó centro da vila, os promotores decidiron comenzar as obras de construcción de varios bloques de vivendas en torno á Avenida Arcadio Pardiñas e ás vías perpendiculares que partían de ela cara á cidade escolar.

Pero o máis destacable nesta parte de Burela é a instalación do Hospital Comarcal da Costa (Fig. 9). A necesidade dunha descentralización sanitaria para a comarca costeira lucense e a centralidade de Burela nela fixeron que as autori-

dades autonómicas decidisen que fose este núcleo o que acollese o hospital. A localización idónea para este servicio sería un lugar onde a accesibilidade fose óptima pero que fuxise dos ruidos e do tráfico, deste modo elexiuse un lugar alto, relativamente lonxano das edificacións e vías principais, pero ben conectado con estas.




Fig. 9. Hospital Comarcal da Costa. A descentralización sanitaria posibilitou que Burela se convertise no centro idóneo para a instalación do Hospital Comarcal en 1986.

4. O Torno

No barrio de O Torno, na estrada de Vilaestrofe-Rúa, xurdiron nos anos 1980 algunas edificacións de altura variable, áinda que, polo xeral, inferior ós 4 pisos, continuando a tendencia á construción nesta zona que comezara a mediados dos 1970. De novo estamos ante un espacio pouco ou nada planificado que contrasta notablemente co núcleo de Burela de Cabo que, recordaremos, era un dos espacios xerminais de Burela.

Durante esta década, edificáronse 2 bloques de pisos destinados a vivendas de empregados do Corpo Nacional da Garda Civil, instalando, ademáis, nos baixos destes edificios, o seu cuartel .

Construíronse, ademáis, numerosas vivendas unifamiliares tipo chalet ocupadas por acaudalados empresarios da pesca, a construcción, etc.

5. Os Castros

No desenvolvemento urbano dos 1980 a área de Os Castros fora quedado un pouco á marxe da expansión edificativa. A razón desta marxinalidade pode ser debida a que se trataba dun espacio pouco atractivo para a construción (gran exposición ós ventos fríos do NE pola súa maior altitude ca outras áreas da vila, alonxamento do centro, etc.), non obstante, a presencia dalgúns servicios públicos coma a escola de Educación Primaria Virxe do Carme e de industrias coma ECE-SA animou ós constructores a realizar varios bloques de vivendas.

De todas formas, proliferou un considerable número de vivendas unifamiliares nos entornos do barrio, especialmente na parte máis alta, semellantes ás que podemos atopar no barrio de O Torno.

3.4. Burela nos anos 1990: a modificación das Normas Subsidiarias de 1978

Dada a grande expansión demográfica e espacial no primeiro lustro da década dos 1980 e ante as claras deficiencias urbanísticas que non puideron ser subsanadas polas Normas Subsidiarias de 1978, facíase necesario executar un novo tipo de planeamento que mellorase a estructura interna da vila, a súa consolidación como centro terciario da costa lucense, a mellora das infraestructuras e dotala de novos servicios públicos que a fixesen foco de atracción a nivel comarcal.

Xurde, pois, en 1987 o documento que modificaba o planeamento urbanístico iniciado en 1978, pero o retraso na súa aprobación (1992) non favoreceu en demasiá ó núcleo burelés que xa por aquel entónce comezaba a dar mostras do seu estancamiento demográfico e espacial.

Se partimos da cifra demográfica que nos dá o censo de poboación de 1991 observaremos que Burela posúe 7.743 habitantes de feito (7.925 en 1996), frente ós 7.300 de dereito e un número de vivendas que ascendía a 3.106, a maioria das cales estaban ocupadas. Este incremento porcentual do número de habitantes cifrouse nun 3 % anual dende 1981 e o de viviendas en apenas un 2,5 %, de modo que o número destas nos últimos dez anos medrou por debaixo das cifras demográficas. A explicación reside en que moitas das viviendas construídas nos anos finais da década dos 1970 foron ocupadas polas familias que chegaron nos inicios dos 1980 atraídas ben polo auxe do porto de Burela ou ben pola demanda de man de obra de Alúmina, ECESA, Gres Burela, o Hospital Comarcal e os centros de educación primaria e secundaria, fundamentalmente.

Analizamos agora o desenvolvemento urbanístico de Burela nos anos 1990, recordando de novo que lonxe de ser una etapa de crecemento, estamos ante un reaxuste da súa estructura interna, e facendo fincapé, do mesmo modo, no que supuxeron as modificacións (1992) das Normas Subsidiarias de 1978.

En liñas xerais podemos dicir que con esta modificación da normativa urbanística, apenas cambiou a estructura urbana de Burela no que respecta ó entramado viario e edificativo, non obstante, existiron algunas variacións en determinadas áreas del núcleo e moitos proxectos de futuro cun cumplimento áinda vixente nalgúns casos, anque noutrous xa se realizaron as obras.

Deste modo pretendeuse racionaliza-lo espacio urbano burelés mediante a creación de novas zonas verdes más amplas e mellor dotadas e a mellora e saneamento da trama viaria.



Fig. 10: Rúa Castelao. Aínda son moi numerosos os espacios do entramado urbano de Burela que continúan sen edificar.

Continuouse edificando nos distintos barrios de Burela, pero xa de forma menos intensa, máis racional e moderna, respetando a normativa en maior medida e deixando máis espacios libres para dotacións sociais. Sen embargo, un problema latente áinda son os grandes espacios non edificados (Fig. 10) que abondan na zona norte e nordeste, pero pouco a pouco vanse ocupando con novos edificios. Na zona de O Campón continuaron levantándose novos bloques de 4 ou 5 alturas sen desentonar cos xa existentes, o mesmo sucede nas rúas de O Río e Circunvalación e no barrio de O Castrelo.

Durante a década dos 1990 e, confirmando a tendencia que se apuntaba nos anos finais dos 1980, a construción de vivendas unifamiliares na periferia do núcleo intensificouse. Tradicionais núcleos rurais coma O Vilar e Vila do Medio,

na zona noroccidental da vila, chegaron a un alto nivel de urbanización gracias á construción deste tipo de vivendas. O mesmo sucede, anque en menor medida, en O Torno ou Vista Alegre.

Nestes anos instálanse en Burela numerosas empresas adicadas a ramas moi diversas como poden ser: a construción naval, a cerámica, a industria do vidro, etc. que ocupan grande cantidade de solo, co cal han de localizarse en puntos estratégicos da vila. Así, a industria de construcción naval, representada por Astilleros Armón Burela, S.A. instálase na zona do porto e as novas empresas de cerámica e vidro así coma numerosos talleres mecánicos e concesionarios de vehículos fano en O Perdouro, na saída de núcleo urbano en dirección SE ou en Pomeda, no NW. Este espacio de O Perdouro estase a perfilar coma un pequeno polígono industrial onde cada vez é maior o número de empresas instaladas nas súas inmediacións.

En canto á rede viaria, foron numerosas as obras de acondicionamento e mellora de rúas, en especial o Camiño Real, Circunvalación, estrada de Vilaestufe, O Portelo e, por suposto, proxectouse una futura variante á N-642 subsanando así o intenso tráfico da Avenida Arcadio Pardiñas. Esta ronda exterior (Fig. 11) que bordea ó núcleo pola súa parte occidental, foi rematada no verán de 1998 contando na actualidade con 3 entradas a Burela.



Fig. 11. Variante da N-642. A mellora dos accesos a Burela favoreceu o descenso do tráfico no centro da vila.

A creación de novas zonas verdes en Burela está contemplada na modificación das Normas Subsidiarias, deste modo, en torno ó Hospital Comarcal da Costa, creouse un grande parque (Parque do Campón) destinado ó recreo da poboación burelesa, pero con instalacións bastante deficientes.

Remodeláronse as instalacións da estación de tren, bastante deterioradas pola súa parte, ampliándoas e construíndo ademáis unha estación de autobuses debido á carencia deste tipo de servicios en Burela nestes anos. Así, dáse unha nova imaxe á área ferroviaria, zona tradicionalmente degradada dentro da vila.

As 3 obras de maior envergadura neste período son a creación da praia artificial de O Portelo, a construcción do paseo marítimo e a remodelación do tramo final da rúa Pardo Bazán (cruce con Eijo Garay).



Fig. 12. Praia de O Portelo. As obras de embeleczemento da área urbana de Burela céntranse na creación de áreas de esparcemento e ocio.

Ante a necesidade de dotar a Burela dunha praia (Fig. 12) que estivese non demasiado alonxada do propio núcleo as praias máis próximas, A Marosa e Areoura encóntranse a máis dun kilómetro de distancia do núcleo) xurdiu a idea de crear unha praia artificial nunha área de costa baixa rocosa aportándolle area da ría de Fazouro. Ante a escasa planificación coa que se levou a cabo a obra de creación do arenal, houbo que construir dous espigóns para que as constantes tormentas non arrastrasen as areas mar adentro. A pesar de que os diques protexen en grande medida a praia, é son necesarios aportes anuais de arena, o que supón un grande inconveniente para o bo estado do areal.

O paseo marítimo, obra dos últimos 3 anos, pretende embelecer a área da praia artificial, uníndoa coa cetárea e coa praia de A Marosa. Este paseo encóntrase na liña das construccions de obras de embelejecemento das áreas de praia ou ribeira doutros núcleos costeiros gallegos. No caso dos pertencentes ó litoral lucense, encontramos claros exemplos en Foz, San Cibrao ou Viveiro como más destacables.

Pero se ben estas dúas obras foron de grande importancia para a imaxe de Burela, non o foi menos a remodelación imposta ó tramo final da rúa Pardo Bazán no seu entronque con Eijo Garay. Na área ocupada por un antigo aserradeiro levantáronse a sede da Capitanía Marítima, a Casa da Cultura-Biblioteca (ocupada provisionalmente polo concello trala súa segregación del municipio de Cervo en 1995), un centro comercial e unha grande praza peatonal (Praza da Mariña). Este conxunto pretende dar unha nova imaxe á vila.

O proxecto de ampliación do porto, a construición dunha lonxa climatizada, a mellora e acondicionamiento dos accesos a Burela, a creación dunha grande área recreativa no Monte Castelo e outras moitas obras de dotación son os novos retos do xove municipio para o século XXI.

BIBLIOGRAFÍA

- ARMAS DIÉGUEZ, P. (1985). *La organización del espacio lucense*. Universidad de Santiago, Santiago de Compostela.
- CARMONA BADÍA, X. (1996). *Sargadelos, una empresa diversificada en el siglo XIX*. Edit. Civitas, Madrid.
- CARRERAS CANDI, F. (dir.) (edic. 1980). *Geografía General del Reino de Galicia*. Edit. Gallega, A Coruña.
- DE TORRES LUNA, M.P. (dir.) (1986). *Geografía de Galicia*. Edit. Xuntanza, A Coruña
- GONZÁLEZ-POLA DE LA GRANJA, P. (1994). *Sargadelos, 1798, un motín en la Galicia de fines del Antiguo Régimen*. Edicións do Castro, A Coruña
- OTERO PEDRAYO, (Coord.). *Gran Enciclopedia Gallega*. Edit. Heraclio Fourrier, Vitoria.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1997). *La urbanización del espacio rural en Galicia*. Edit. Oikos Tau, Barcelona.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1999). *De aldeas a ciudades*. Edit. Ir Indo, Vigo.
- SANTOS SOLLA, J.M., PAZO LABRADOR, A. (1995). *Poboación e territorio: as parroquias galegas nos últimos cen anos*. Universidade de Santiago, Santiago de Compostela.

FUENTES

- ARDÁN, "Directorio de 8000 empresas, 1998". Consorcio de la zona franca de Vigo.
- CONCELLO DE BURELA. *Padrón municipal de habitantes de 1996*.
- EL CORREO GALLEGO-O CORREO GALEGO. "5000 empresas galegas e 250 do norte de Portugal".
- EL PROGRESO. "Lugo a vista de pájaro". Coleccionable fotográfico.
- IMPI. "Directorio industrial de Galicia, 1991".
- INSTITUTO GALLEGO DE ESTATÍSTICA. *Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación de 1996* (formato WEB).
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. *Censos de población de 1900, 1950, 1960, 1970, 1981 y 1991*.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. *Nomenclátor de población (provincia de Lugo)*.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA. *Censos de población y viviendas, 1991 (Provincia de Lugo)*.
- LA VOZ DE GALICIA. "Pesca en A Mariña", artículo periodístico (10-XII-97).
- MINISTERIO DE INDUSTRIA Y ENERGÍA. "Registro industrial, 1996".

CARTOGRAFÍA

- Fotografía aérea, vuelo de 1957
- INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL. Mapa topográfico 1:25.000, Burela (9-I)
- XUNTA DE GALICIA, SERVICIO DE CARTOGRAFÍA. Mapa topográfico 1:10.000, Burela (9-1.2)